

OS MAIOS 2024

BASES

Primeira.-

A Delegación de Cultura do Concello de Monforte de Lemos convoca o **Concurso OS MAIOS**, que se realizará o **8 maio de 2024**.

Segunda.-

Poderán participar no concurso todos os monfortinos que o desexen.

Terceira.-

O tema tratará sobre calquera tipo de Maio.

Cuarta.-

Os Maios sairán a percorrer as rúas da cidade libremente e xuntaranse na Praza de España ás 17:30 horas, onde se interpretarán as coplas.

Quinta.- PREMIOS.

Os premios non competitivos, serán por participación e terán todos unha contía de 75€ sempre que o xurado os valore como merecedores de premio e que a suma total dos premios concedidos no concurso non supere os 750€, cantidade que se aplicarán con cargo a partida 334.480.05, sen prexuízo de que o importe dos premios sexa inferior.

Cráterios de valoración do xurado:

Valorarase a imaxinación, a idea, a estética, a orixinalidade e os materiais utilizados, e que estes teñan calidade.

Sexta.- O xurado do concurso estará composto por:

PRESIDENTE: A Delegada de Cultura ou persoa á que designe.

VOGAIS: Persoas de diferentes ámbitos sociais, educativos e culturais de Monforte de Lemos.

SECRETARIO/A: O técnico de cultura do Concello de Monforte, con voz e sen voto que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases do concurso.

Sétima.- A inscrición no concurso dos maios implica a autorización ó Concello de Monforte de Lemos de todos os participantes inscritos, da recollida e tratamento dos Datos Persoais dos participantes que teñen como finalidade a xestión do concurso convocado polo Concello, entrega de premios e publicación dos gañadores, así como na posible difusión dos documentos visuais recollidos na realización da actividade, documentos a utilizar polo Concello na súa páxina web, na elaboración de carteis, en folletos informativos ou outras posibles edicións municipais.

Oitava.- Os aboamentos dos premios serán tramitados polo Concello de Monforte de Lemos, a través dunha transferencia bancaria. Previamente será necesario a presentación do certificado bancario cun número da conta do titular.

Non poderá realizarse o pagamento do premio mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Novena.- As solicitudes para a inscrición dos maios, así como as coplas deberán presentarse para a participación no concurso no Rexistro Xeral do Concello de Monforte. O último día de presentación destas será o 7 de maio antes das 14:00 h